

## **ACTA DA ASEMBLEA DA ANPA DO CEIP "VALLE INCLÁN" CELEBRADA O DÍA 07-06-2016.**

Lugar: Comedor do CEIP VALLE INCLÁN

Hora de comezo: 16:15 horas en segunda convocatoria.

Asistentes: 13

### **PUNTOS TRATADOS según a orde do día:**

#### **1. Curso 2016-2017:**

- Banco de libros: apróbase o envío dunha nota informativa que incluíra o formulario de doazón para o banco de libros da ANPA, e a convocatoria dunha reunión coa dirección do centro e os pais/nais o vindeiro día 14-06-2016. Establécese unha convocatoria ás 16:00 horas para os cursos 2º, 4º e 6º e ás 17:00 para 3º e 5º de Primaria.

- Comedor: aprobación do formulario de solicitude de praza para o vindeiro curso 2016/17, que se realizará a través de páxina web da ANPA (ou presencialmente no local da mesma), e establécense as seguintes normas e prazos:

#### **A) - RENOVACIÓN DE PRAZA DOS USUARIOS DO CURSO 2015/16.**

##### **Prazo de inscrición, do 10 o 16 de xuño**

- 1- Facer a solicitude na web ou no local da ANPA en prazo.
- 2- Cubrir o impreso da orde de domiciliación bancaria no prazo que se estableza (informarase no formulario de inscrición)

(De non facer ningún destes puntos o alumnado quedará excluído, incorporándose o final da lista de espera según a letra do apelido establecida pola Consellería de Educación para admisión do alumnado en centros públicos (letra He)

#### **B) - PUBLICACIÓN DE LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS**

Publicaranse na páxina web e nos taboleiros do colexio a partir do 17 de xuño

#### **C) - NOVOS USUARIOS DO SERVIZO DO COMEDO PARA O CURSO 2016/17**

##### **Prazo de inscrición do 20 ó 30 de xuño**

- 1.- Facer a solicitude na web ou no local da ANPA en prazo.
- 2.-Cubrir o impreso da orde de domiciliación bancaria no prazo que se estableza (informarase no formulario de inscrición)

(De non facer ningún destes puntos o alumnado quedará excluído, incorporándose o final da lista de espera según a letra do apelido establecida pola Consellería de Educación para admisión do alumnado en centros públicos (letra He)

Facúltase a Xunta Directiva da ANPA, a establecer os prazos de listas provisionais, definitivas e períodos de reclamación.

Apróbanse a orde de admisión no servizo de comedor tanto para o alumnado novo como do que xa era usuario:

Orde de admisión:

- 1.- Alumnos que xa utilizarón este servizo no curso anterior
2. Alumnos que teñen outro irmán facendo uso de servizo no curso 2015/16
3. Alumnos do curso 2015/16 que fixeran inscrición e non fosen admitidos.
4. Letra do apelido establecida pola Consellería de Educación para admisión do alumnado en centros públicos (He)

## **2.- Aprobación das contas.**

- Expónse o estado de contas do curso 2015/16 ata a data de 19 de maio de 2016 según documento anexo. Procendendo a continuación a votación e aprobación das mesmas por unanimidade.

Quedando pendente a presentación do estado de contas dende o 20 de maio ata 12 de setembro de 2016 para a próxima asemblea.

## **3. RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ANPA:**

-Rematado o proceso de presentación de candidaturas para formar parte da xunta directiva da ANPA, según os Estatutos da mesma, os compoñentes serán:

- Manuel Muñiz Mallo.
- Eva Candales Hermida.
- Carlos Aymerich Cano.
- Montserrat Díaz Suárez

Sen máis temas que tratar, levántase sesión ás 18:00 horas.

En Perillo, a 7 de xuño de 2016

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Secretario da ANPA do CEIP "Valle Inclán".